



Confederación Intersindical Galega  
ENSINO

# iNFORMA

XANEIRO 2010

[www.cig-ensino.com](http://www.cig-ensino.com)

## Con atraso e con redución orzamentaria publícase a convocatoria de axudas á normalización lingüística

Tal e como denunciara a CIG-Ensino ([http://www.cig-ensino.com/ver.php?nav=2521\(38\)](http://www.cig-ensino.com/ver.php?nav=2521(38))) a Secretaría Xeral de Política Lingüística agardou ao día 11 de xaneiro para publicar a convocatoria de axudas á proxectos de fomento do uso do galego nos centros públicos, dando un paso atrás nun dos avances que se tiña acadado nesta materia, como era que as axudas se convocasen co inicio do curso escolar, unha demanda que a CIG-Ensino conseguiu que fose atendida polo anterior goberno.

Contra isto as axudas publícanse no segundo trimestre do curso cun segundo agravante, a perda dun 20% do orzamento con respecto á convocatoria do ano pasado, pois a contía global das axudas pasa de 1 millón de euros a 800000. Tamén esta perda orzamentaria, así como a desaparición da partida asignada ao cuarto trimestre do ano 2009, fora denunciado pola CIG no seu día: [http://www.cig-ensino.com/ver.php?nav=2597\(38\)](http://www.cig-ensino.com/ver.php?nav=2597(38))

Como denunciáramos, este atraso e esta perda orzamentaria traducíronse en que os centros non puideron presentar proxectos a realizar no primeiro trimestre do curso, ou desde o pri-

meiro trimestre, perdendo un tempo precioso para a normalización do noso idioma.

Mais non só isto, abondando na desconfianza que contra os centros ten a actual Administración, e incrementando as dificultades para a xustificación dos gastos, a presente convocatoria non admite as compulsas do propio centro, obrigando á realización de desprazamentos ou gastos claramente innecesarios. Tamén desaparece da convocatoria a proposta de realización dunha comisión que durante o mes de xullo emitía ditame global sobre a convocatoria co obxecto de propor medidas correctoras para o mellor funcionamento dos equipos de normalización e dinamización lingüística e para o mellor desenvolvemento dos proxectos de fomento de uso do galego.

A CIG-Ensino denuncia que estamos ante un novo elemento de agresión ao noso idioma, un ataque máis da folla de ruta deseñada polo goberno Feijoo para a erradicación da nosa lingua do ensino, unha folla de ruta que, como temos denunciado, inclúe pequenos pasos e pasos estratéxicos, sempre baixo o mesmo espírito galegófobo e coa mesma pretensión de ataque reiterado ao noso idioma e á nosa identidade.

### Os nosos locais

#### Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.  
Santiago de Compostela. cp.15706.  
Tlf. 981576800 Fax. 981575839  
santiago@cig-ensino.com

#### A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n  
Tlf. 981169810 Fax. 981291735  
15007. A Coruña  
acorunha@cig-ensino.com

#### Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo  
36780. A Guarda  
Tlf. 986610465 Fax. 986610465  
baixominho@cig-ensino.com

#### Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1  
36947. Cangas  
Tlf. 986302987 Fax. 986302987  
morrazo@cig-ensino.com

#### Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,  
15403. Ferrol  
Tlf. 981358750 Fax. 981358760  
ferrol@cig-ensino.com

#### Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.  
27003. Lugo  
Tlf. 982245023 Fax. 982253891  
e-mail: lugo@cig-ensino.com

#### Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º  
32003. Ourense  
Tlf. 988238350 Fax. 988222855  
ourense@cig-ensino.com

#### Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.  
36002. Pontevedra  
Tlf. 986861513 Fax. 986855050  
pontevedra@cig-ensino.com

#### A Mariña

27700. Ribadeo  
Avda de Galicia 20, 1º  
Tlf. 982129593 Fax. 982129593  
amarinha@cig-ensino.com

#### Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º  
32600. Verín  
Tlf. 988412345 Fax. 988411013  
verin@cig-ensino.com

#### Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.  
36205. Vigo  
Tlf. 986827935 Fax. 986262844  
vigo@cig-ensino.com

#### Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600. Vilagarcía  
Tlf. 986505323 Fax. 986505323  
salnes@cig-ensino.com